

# Afganistán resiste

## Description

En febreiro deste ano, James Cowan, comandante das forzas británicas en Helmand, dixo que a operación Moshtarak, destinada a atacar aos talibáns nos seus tobos, marcará o camiño do final da insurxencia en Afganistán. A ben medida cautela británica é visto que non é unha virtude de Cowan.

Catro meses despois o optimismo minguou e xa se recoñece que a operación en Kandahar vai máis lenta do que se agardaba. Despois de ter anunciado ao mundo, á maneira de Hollywood, a “grande ofensiva da OTAN”, baixaron os fumes e as forzas de ocupación foron esnafrándose contra a realidade.

E non só militarmente, senón tamén moralmente: os continuos erros da aviación da OTAN, as mortes de civís, alporizan con toda a razón ao pobo afgán. O mesmo Hamid Karzai tivo que lembrarlle aos ocupantes que “non todos aqueles que usan turbantes e prendas locais son membros do Talibán”. Así andan as cousas.

Por outra banda, ao día de hoxe, Afganistán, de ser o primeiro produtor de opio do mundo, estase convertendo nun significativo consumidor de droga. Algo que, sumado á pobreza do país e á desmoralización da guerra, leva á sociedade a non ver futuro, aínda tendo as inmensas potencialidades que o país ten.

E aínda así, o país resiste. E pode facer capitular ao exército máis sofisticado e poderoso do mundo. Tanto é así que Nir Rusen, un dos poucos xornalistas que conseguiron infiltrarse en territorio dos talibáns, asegura que estes están collendo máis e máis territorio cada día. Estase facendo realidade, pois, o dito de que “en Afganistán ninguén gaña”.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Asia ARQUIVO

## IDIOMA

Galego

## Date Created

Xullo 1, 2010

## Meta Fields

**Autoría :** 10029

**Datapublicacion :** 2010-07-01 00:00:00